

A bibliotecaria e documentalista Olga Gallego, Premio Trasalba 2008

A festa literaria celebrarase o derradeiro domingo de xuño.

[Xornal.com - clásica](#) | 29/04/2008 - 14:26 h.

XORNAL.COM | Santiago.- A Fundación Otero Pedrayo vén de decidir, por unanimidade, conceder o XXVI Premio Trasalba á bibliotecaria e documentalista ourensá dona Olga Gallego Domínguez, personalidade fortemente vencellada á recuperación da cultura galeguista durante a postguerra, unha das organizadoras no seu día dos fondos documentais e bibliográficos da Fundación Penzol, e relacionada de sempre coa figura e a memoria de Ramón Otero Pedrayo, de cuxa Fundación forma parte como padroeira.

Recoñécese un labor intelectual de moitos anos, vencellado á cultura do libro e preocupada pola organización da memoria documental da cultura e do galeguismo. De feito, cando se constitúe a Fundación Penzol no ano 1963 e se reciben os importantes fondos do rexistrador da propiedade e mecenas da cultura galega Fermín Penzol Labandeira, Olga Gallego, xunto con Francisco Fernández del Riego, foi quen xenerosamente procedeu á catalogación e sistematización dos mesmos, cunha entrega da moito tempo ao mantemento e consolidación da biblioteca e dos fondos documentais da devandita Fundación.

Dende o primeiro momento estivo, asemade, vencellada á Fundación Otero Pedrayo, que se constitúe en 1979.

Unha vida dedicada aos libros

Olga Gallego Domínguez naceu na cidade de Ourense o 8 de decembro de 1928. Estudou o bacharelato nesta cidade e licenciouse en Filosofía e Letras, sección de Historia, na Universidade de Santiago de Compostela.

No ano 1958 ingresou por oposición no corpo Facultativo de Arqueólogos, Bibliotecarios e Arqueólogos, tendo como primeiro destino o Arquivo da Delegación da Facenda e a Biblioteca Pública de Vigo, en calidade de directora. Despois pasou por concurso de traslado ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense (1969-1989), sucedendo na dirección do mesmo a Xesús Ferro Couselo, con quen sempre mantivo un importante vínculo intelectual.

O seu labor abrangue os campos da historia e da arquivística fundamentalmente, o que se traduce en máis dun cento de publicacións e na pertenza a diversos colectivos como o grupo Marcelo Macías de colaboradores do Arquivo e do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, ou a ANABAD-Galicia, entidade da que foi presidenta.

No ano 1980 ingresou como correspondente na Real Academia da Historia, e en 1985 convertiuse na primeira muller que ingresa como numeraria na Real Acaemia Galega.

Como dixemos, Olga Gallego está moi vencellada ao mundo do galeguismo e da cultura en xeral. O seu labor foi recoñecido coa concesión do Lazo da Orde de Alfonso X en 1969, a Medalla de Prata de Galicia en 2000 e a Medalla Castelao no ano 2006.

A festa grande do 29 de xuño

O Premio Trasalba recoñece anualmente unha figura ou institución a prol da cultura galega vencellada á obra e a memoria de Ramón Otero Pedrayo.

Ten carácter honorífico e concrétese nunha homenaxe que se celebra na casa grande de Cimadevila, na parroquia de Trasalba (Amoeiro), o derradeiro domingo do mes de xuño. Daquela, nun acto literario, presidido polo titular da Real Academia Galega (presidente de honor da Fundación), entregárase á homenaxeada un libro de recoñecemento, un debuxo que [Isaac Díaz Pardo](#) deseña sempre para a ocasión e unha placa de lembranza.

Na edición deste ano o tamén bibliotecario, arquivista e documentalista Pablo Sánchez-Ferro, vocal técnico do equipo de dirección do Patronato e neto de Xesús Ferro Couselo, será o encargado de pronunciar a laudatio da personalidade agasallada.

O ano pasado recibiu o Premio Trasalba o investigador e profesor da universidade de Oxford, John Rutherford. En anteriores edicións recibiron o devandito galardón entre outros: Xoaquín Lorenzo Fernández, Isidro Parga Pondal, Xaime Isla Couto, Lois Tobío, Francisco Fernández del Riego, Valentín Paz Andrade, Carlos García Martínez, Xohán Ledo, Augusto Pérez Alberti, Xosé Neira Vilas, Xosé Luis Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Andrés Torres Queiruga, Agustín Sixto Seco (a título póstumo), o grupo Milladoiro, etc.